

# UN DÍA LOBO LÓPEZ

Alejandro G. Salgado, 2022

# 1095

ESTREA EN NUMAX: 14.04.2023 | V.O. | TP | 87 min

Nos anos previos á Expo92, Sevilla vive un momento de transformación que afecta a toda a cidade de maneira desigual. Este filme é un retrato colectivo das persoas e os espazos que nese contexto integraron o proceso de creación do disco Échate un cantecito, unha das obras máis influentes da música popular en español. Vivida e rodada en Sevilla e Londres, este filme musical fala de música.

«Salgado déixase de nostalxia e haxiografía para domar e moldear o arquivo analóxico ao ritmo das cancións»

Manuel J. Lombardo, DIARIO DE SEVILLA



## Entrevista con Kiko Veneno: «É un acto de arte para narrar como se fixo un disco con pretensións de arte tamén»

Por Juan Claudio Matossian

**Que tal foi recibido o documental *Un día Lobo López* na súa estrea no Festival de Sevilla? Quedou contento co resultado?** O resultado foi magnífico. Converteuse nunha especia de homenaxe da xente de Sevilla, que xa a certa idade imos coñecéndonos todos. O documental en si penso que quedou moi ben, moi orixinal. E dalgunha maneira mostra a relación de Sevilla coa música dunha forma moi viva, moi interesante. É un acto de arte para narrar como se fixo un disco con pretensións de arte tamén. Gustoume moito e espero que á xente tamén.

**O documental está centrado na xestación de *Échate un cantecito*, disco fundamental para vostede e para a música española, que fai 30 anos. Coa perspectiva do tempo, que significa hoxe en día este disco para vostede?** É o primeiro disco que fixen co meu propio acento. É importante porque é o disco co que por primeira vez puíden vivir da música. Moitos amigos dicíanme, “fixeches un disco alimenticio”. Pois mira, benvido sexa (ri).

**Como foi a experiencia de gravar aquel disco en Londres naquel momento?** Unha experiencia divina. Despois de catro ou cinco discos feitos en España, con algunhas dificultades técnicas, ir á capital da música pop e traballar con profesionais (músicos, produtores...) de moito nivel, foi increíble. E aínda máis cando empecei a escoitar como estaban quedando as cancións.

**Por que cres que esas cancións seguen resoando?** Botando a vista atrás, coa cantidade de tempo e traballo que o fixemos, agora valoro que quizais eran cancións con vocación de ser clásicas, que transcenden ao son que tocaba naquel momento, cousa da que non nos decatamos entón. En principio para min era un disco máis.

**Como evolucionou a industria musical desde o seu punto de vista?** A historia da música é moi complexa. A historia resumida sería: nos 60 e 70 xa hai música local con propostas potentes e moitísima calidade, e que aínda sona agora, con cancións en castelán, en galego, en catalán... Tamén moita música italiana e francesa. Todo iso cambia nos 80 e 90, cando entran as multinacionais e cambian moito os procedementos. O rico abano de música popular que existía ata entón vaise reducindo. E xa a última fase sería a globalización, con quizais menos artistas pero para todo o mundo. Para a cultura en xeral, é moi interesante en ocasións a desglobalización, a diferenza... Aínda que non se saiba en Australia (ri).

**Como comezou a súa amizade co artista estadounidense Jackson Browne? Segues en contacto con el?** A última vez que nos vimos foi en Barcelona antes da pandemia, pero seguimos en contacto. Téñolle moitísimo cariño e nos meus concertos uso as guitarras que me regalou con moitísimo orgullo.

**Con 70 anos, que che queda por facer?** Que me toque a quiniela algún día -di de broma-, pero se non me toca tampouco pasa nada. Estou moi satisfeito con todo o que fixen.